

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 27 DE
XANEIRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e sete de xaneiro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parcero Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Non asiste, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, o Sr. alcalde informa de que por motivos persoais unicamente presidirá a sesión ata o punto 6º, a partir do cal pasará a presidila o primeiro tenente de acalde. A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de outubro, sesión ordinaria do día 25 de novembro e sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2010

O Sr. presidente fai constar que, debido a que non puido entregarse en tempo e forma, a acta da sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2010 queda pendente para a súa aprobación na vindeira sesión ordinaria que teña lugar. De seguido pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 28 de outubro e sesión ordinaria do día 25 de novembro de 2010.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Proposta de aprobación inicial do Regulamento para o establecemento e regulación do programa “Carné da OMIX” do Concello de Cambre

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, Participación Cidadá e Turismo de data 21 de xaneiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo de data 25 de xaneiro de 2011, no que se inclúen unhas modificacións respecto da proposta do concelleiro delegado de data 21 de xaneiro, que afectan ao art. 6.2, ao art. 9.4 e ao modelo de instancia.

Concedida a palabra a dona Laura Fernández Martínez, concelleira do BNG, manifesta que hoxe tráese a aprobación o regulamento do carné da OMIX. O carné foi aprobado por resolución de 4 de xuño de 2010. Os usuarios do carné son os mozos empadroados no Concello de Cambre de entre 7 e 30 anos, fronte ao carné Xove que abarca de 12 a 30 anos. Outro dos requisitos para solicitar o carné é estar inscrito no ficheiro de participantes de actividades xuvenís. O prezo establécese na Ordenanza fiscal n.º 6, que regula as taxas por expedición de documentos administrativos, o seu prezo será de 12 euros, cunha duración de 2 anos. Existen uns descontos que veñen establecidos en cada un dos acordos reguladores das actividades correspondentes. Os descontos non se aplican só para as actividades xuvenís, senón que, por exemplo, tamén ás actividades culturais se lles aplica un 20% de desconto, ás educativas extraescolares un 20% e ás deportivas de verán un 20%. Nas actividades propias da OMIX é onde o carné tería desconto maior, que podería acadar o 50%.

Di que as vantaxes que ofrece son sobre todo os descontos, que intentan favorecer a participación da mocidade nas distintas actividades, recibir información via e-mail da OMIX, facilitar as solicitudes de inscrición nas distintas actividades que se realizan, e tamén acceder ao préstamo de material dispoñible (sacos de durmir, mapas, guías, etc.).

Unha vez aprobado polo pleno abrírase un prazo de información pública de 30 días, e de non presentarse ningunha reclamación, darase por definitivamente aprobado.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o seu grupo abstívose nas comisións, pero que agora van votar a prol, xa que o único tema que querían puntualizar, agora xa está aclarado. Refírese a que nas comisións informativas tiñan falado da posibilidade de que esta tarxeta tamén servira para ofrecer descontos noutras áreas de goberno.

Dona Laura Fernández Martínez sinala que vén recollido en cada un dos acordos reguladores das actividades.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que a el tamén lle parece unha boa idea, pero pregunta se tiveron en conta a posibilidade de chegar a algún tipo de acordo ou convenio coa asociación de empresarios e co comercio

local de Cambre, porque cre que noutros municipios onde existe este tipo de carné municipal teñen unha grande aceptación ese tipo de acordos, tanto polos portadores do carné como polos propios comerciantes da localidade. Non sabe se iso se tivo en conta ou se van telo en conta no futuro.

Dona Laura Fernández Martínez contesta que ata agora non se tivo en conta e que non teñen noticia doutros carnés propios da OMIX doutras localidades, pero o que si é certo é que lle parece unha boa idea e que intentarán contactar cos empresarios para propoñérllelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás tamén pregunta se cabe a posibilidade de pedir algún tipo de subvención a algunha administración pública para cubrir en parte o gasto que supón este carné. Pregunta se procede pedir algunha subvención á Xunta ou á Deputación.

Dona Laura Fernández Martínez contesta que agora mesmo non sabe dicirlle, pero que o consultarán e, no caso de que exista unha subvención, por suposto que a solicitarán, porque canto menos cartos teña que achegar o concello, mellor.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que no artigo 6.5 do regulamento dise que a validez do carné será de dous anos dende a data de expedición. A el parécelle que debería ter unha duración máis ampla, tendo en conta que vai dos 7 aos 30 anos ter que renovalo, ao mellor, 3 veces, cada 7 anos máis ou menos. A el parécelle que iso debería ser suficiente, porque cada 2 anos, á parte do gasto que ocasiona ao propio mozo, tamén xera traballo dentro do propio concello, da propia OMIX. Parécelle que o período de validez do carné debería ampliarse.

Tamén entende que se podería obter un carné máis económico, máis barato, non o formato que se escolleu, tipo tarxeta bancaria, sería mellor un carné máis sinxelo, que ao mellor saíría máis económico.

Concedida a palabra a dona Laura Fernández Martínez explica que a validez do carné fíxose tendo en conta que a validez do carné xove europeo é tamén de dous anos, e como supoñen que habitualmente os solicitarán ao mesmo tempo, fíxose un pouco por ter igualdade nos tempos e que non teñan que estar pendentes das diferentes renovacións.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que el se abstivo na comisión informativa, pero que se establecen máis tempo para a renovación do carné, por exemplo a mesma periodicidade coa que se renova o carné de identidade, el votaría a prol, senón é así, vaise abster.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que o seu voto vai ser a prol, xa que lle parece unha boa proposta e felicita por ela á Sra. concelleira.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita, e abstense o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dezanove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o Regulamento para o establecemento e regulación do programa “carné da OMIX” do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín oficial da provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobado o regulamento de referencia.

3º Proposta de modificación da ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 20 de xaneiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 25 de xaneiro de 2011.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, explica que non varían para nada as taxas da ordenanza, exceptuando a inclusión das taxas de 12 € e 6 € pola expedición e duplicado, respectivamente, do carné da OMIX.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2011 e seguintes, a modificación do texto da ordenanza fiscal n.º 6 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos.

Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos

Modifícase o artigo 7º.- Tarifa, no seu apartado Outros documentos, quedando como segue:

Artigo 7º. - Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da seguinte maneira:

Outros documentos:	
Exemplar de ordenanzas fiscais	24,00 euros
Bastanteo de poderes	25,00 euros
Entrega de documentación administrativa en CD-ROM	15,00 euros/ unidade
Por cada expediente para celebración de voda civil no Concello	
1. Cando algún dos contraíntes sexa veciño do municipio	90,00 euros
2. Cando ningún dos contraíntes sexa veciño do municipio	180,00 euros
Por cada inscrición no Libro rexistro de unións non matrimoniais	12,00 euros
Certificado de empadramento do padrón vixente	2,00 euros
Certificado de empadramento de padróns anteriores:	
1. Ata padrón ano 1981, incluído	4,00 euros
2. Padróns anteriores a 1981: engadirase á cota anterior, por cada 5 anos	1,20 euros
Certificación de acordos municipais:	
1. Do ano en curso	10,00 euros
2. De anos anteriores	12,00 euros
Expedición informes emitidos pola policía local relativos a accidentes de circulación	50,00 euros
Expedición de outros informes emitidos pola policía local	10,00 euros
Expedición de tarxetas de armas o permiso de uso de escopetas de aire comprimido, u outros tramitados ante la policía local	12,00 euros
Expedición de informes sociais	0,00 euros
Outros informes non comprendidos en apartados anteriores	3,00 euros
Outras certificacións non comprendidas en apartados anteriores:	
1. Cando precisen de informe técnico	15,00 euros
2. Cando non precisen de informe técnico	2,00 euros
Por cada fotocopia de documentos obrantes nas Bibliotecas municipais ou impresión de documentos dixitais (sendo 30 o número máximo permitido ó día)	
1. Por folio tamaño DIN A-4	0,05 euros
2. Por folla tamaño DIN A- 3	0,10 euros
Expedición do Carné Propio da OMIX.	12,00 euros
Expedición duplicado do carné propio da OMIX	6,00 euros

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do momento da súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expor ao público no taboleiro de anuncios do Concello o acordo provisional, así como o texto completo da ordenanza fiscal modificada durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da modificación da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto da ordenanza modificada.

4º Proposta de modificación do acordo regulador n.º 4 do prezo público por actividades xuvenís

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Economía, Facenda, Educación e Deportes de data 20 de xaneiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 25 de xaneiro de 2011.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que, á parte de toda a exposición, hai un tema que lle estraña un pouco. No art. 4.3 ao final, dise que: *“No caso de ter dereito a máis dunha bonificación, só se aplicará a maior delas. En caso de que unha das bonificacións aplicables, o sexa por ser a persoa pertencente o voluntariado de Cambre, á maior delas aplicaráselle unha bonificación acumulable do 10%”*. Di que non encontra nestes momentos a anotación que traía preparada, pero que facía referencia a que para os nenos ata os 5 anos é gratis, teñen unha bonificación do 100% e, pola contra, os nenos entre 5 e 7 anos non aparecen en ningún lado, non terían ningunha bonificación, non terían dereitos segundo este acordo regulador. Queda un oco entre os 5 e 7 anos.

Concedida a palabra a dona Laura Fernández Martínez, concelleira do BNG, explica que o carné da OMIX está pensado para as actividades da OMIX, e os primeiros usuarios en acceder a elas son os nenos e as nenas de 7 anos, por iso ese foi o límite que eles puxeron, porque son os seus usuarios.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que antes leu un parágrafo que non era, que o que quería ler figura nese mesmo artigo, pero xa ao principio, e di que: *“As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servicios Sociais do Concello de Cambre ao respecto, así como os menores ata cinco anos inclusive, terán unha bonificación do 100 % da cota.”* . Volve sinalar que entre os 5 e 7 anos non hai nada, e pregunta por que.

Dona Laura Fernández Martínez responde que iso non se cambiou, que iso xa estaba así.

Don Manuel Marante Gómez di que o que se trae para aprobar é o acordo regulador, e supón que se poderá modificar, igual que se modifican outras cousas. Establécese que ata os 5 anos hai unha bonificación do 100%, e entre os 5 e os 7 non teñen nada, non teñen ningunha opción. Suxire que, ao mellor, poderían poñer unha bonificación do 100% ata os 7 anos, e dos 7 anos en adiante, xa estaría o carné.

Dona Laura Fernández Martínez reitera que os usuarios do carné son os nenos e as nenas a partir de 7 anos, que son os usuarios das actividades da OMIX, actividades para nenos menores de 7 anos, eles non teñen e, polo tanto, ela como concelleira non vai modificar unha cousa que non lle afecta.

Don Manuel Marante Gómez sinala que na proposta que se trae a aprobación o que se di é *“Modificación do acordo regulador n.º 4 do prezo público por actividades xuvenís”*, e aí inclúese o epígrafe a que fixo referencia, por iso pregunta por que dos 5 aos 7 anos non poden ir gratis ou cunha bonificación, hai dous anos aí que quedan sen cobertura. El refírese a iso, e se o carné se dá aos 7 anos, tamén antes se daba aos 12. Supón que os nenos entre 5 e 7 anos terán o mesmo dereito a ter bonificacións que os demais.

Continúa dicindo que máis adiante, no punto 4 do artigo tamén se di que: *“4.2 - só serán de aplicación a aquelas persoas que figuren empadroadas no municipio de Cambre, excepto nos casos de: a) posuidores/as do carné xove; b) membros de asociacións xuvenís de Cambre; c) membros do Voluntariado de Cambre.”* Di que están falando de subvencionar con diñeiro dos veciños de Cambre, actividades xuvenís, que lle parece moi ben, pero supón el que será para gastalo con nenos que estean empadroados en Cambre. Os membros de asociacións xuvenís de Cambre poden ser de Culleredo, de Oleiros, de Sada, de onde queiran, e estar inscritos en asociacións de Cambre porque, ao mellor, lles gustan as actividades que se organizan. Pregunta por que se lles vai subvencionar a eses nenos ou mozos que sen vivir en Cambre teñen dereito a axudas co diñeiro que pagan os veciños de Cambre. A el parécelle moi ben subvencionar aos que son veciños de Cambre.

Dona Laura Fernández Martínez di que é moi excepcional o caso dun rapaz de fóra do concello que pertenza a unha asociación xuvenil do concello.

Don Manuel Marante Gómez di que se son casos excepcionais que non os poñan, porque no acordo regulador están recolléndoos como posibles. Di que aos membros do Voluntariado de Cambre que sexan doutros concellos, pero que veñan aquí e estean

participando, parécelle correcto que se lles bonifique, parécelle perfecto, pero aos que son membros dunha asociación xuvenil de Cambre, sen ser veciños, non cre que teñan que subvencionalos con diñeiro dos veciños de Cambre, por moi excepcionais que sexan os casos.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser en contra.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que do que se trata aquí non é da aprobación de todo o acordo regulador, senón que se trata dunha modificación puntual referida aos apartados de obradoiros, á viaxe en avión e aos programas de lecer alternativo, educativo e extraescolar. Di que eses son os catro temas que se traen a aprobación.

Concedida a palabra a don Jaime Manuel López Lisnier, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, efectivamente, aquí o que se vai a aprobar é a inclusión dentro do acordo regulador n.º 4, os obradoiros, a viaxe en avión en lugar de autocar, e os programas de lecer que ata agora estaban en período de prueba, agora se aumentaron e púxoselles ese prezo.

Di que o outro tema do que se falou antes está así recollido nas taxas municipais, os nenos ata os 5 anos de calquera outra actividade, non na OMIX, porque na OMIX é a partir dos 7 anos, tiñan eses descontos, ou sexa, que non ten nada que ver co que traen hoxe aquí.

En canto ao que aparece no apartado 4, os posuidores do carné Xove teñen xa un desconto distinto, e o voluntariado de Cambre estaba xa incluído anteriormente, iso non se modificou, era o que figuraba antes, e o que se fai é manter eses descontos a esas persoas.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el mantense no mesmo, que lle poden dicir que non se modifican outros temas, pero que o que el di forma parte da ordenanza, e se forma parte dela, e se polo que sexa estaba nesas condicións e el non está de acordo en que estea así, por iso, ao igual que se modifican outros temas puntuais, tamén el pide que se modifiquen eses, e se non se modifican, vota en contra.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os catro concelleiros do BNG, vota en contra o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e a concelleira non adscrita.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar a modificación do acordo regulador n.º 4 do prezo público por actividades xuvenís municipais, segundo o texto incluído como anexo.

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de modificación do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín oficial da provincia.

5º Proposta de adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 25 de xaneiro de 2011.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo vai votar a prol da proposta e que lles parece que xa ía sendo hora de que Cambre puidese dispoñer dun servizo de administración electrónica.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que Cambre xa dispoñía dese servizo fai bastante tempo, podían facerse unha serie de trámites dende o Portelo Único, dende o concello cara aos distintos organismos dependentes da Xunta de Galicia, pero tamén había a posibilidade de facer esas xestións cos distintos organismos do resto do Estado, o que pasa é que ata agora non se estaba facendo por diversas razóns, entre algunhas delas parece ser que era a falta de persoal e o posible colapso da administración local. El cre que xa vai sendo hora de que os veciños de Cambre poidan realizar os seus trámites como viñan facendo ata agora coa administración autonómica, pero tamén co resto da administración do Estado. Polo tanto, o seu grupo vai votar a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Solicitar a adhesión do Concello de Cambre ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para o desenvolvemento da administración electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

6º Proposta de modificación puntual do Regulamento orgánico municipal: arts. 18 a 22 e 30 a 34

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de xaneiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 25 de xaneiro de 2011.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que foi el quen recolleu unha petición que se fixo na comisión informativa na que estivo de presidente, na que por parte do voceiro de EU-IU se solicitaba que nun dos artigos se incluíra tamén a publicidade dos datos referidos ao persoal de confianza. Pola Sra. secretaria da corporación fíxose un informe no que se aclara que xa se ven facendo, segundo as disposicións legais que están vixentes, de feito nesta lexislatura xa se publicou a través do Boletín oficial da provincia, ademais de publicalo cando se aproba o anexo dos orzamentos, no catálogo de postos de traballo e, polo tanto, non hai inconveniente ningún en incluílo nas modificacións propostas. Di que así xa o manifestaron na comisión e que neste sentido proponse engadir no apartado 3º do artigo 22 o seguinte texto: *“Publicaranse igualmente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da corporación e páxina web municipal, o nomeamento, características e retribucións do persoal eventual.”*

Conclúe dicindo que xa se estaba facendo, pero que se lle engade a publicidade vía web municipal, que é o mesmo que vai proposto para o resto de membros da corporación.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, efectivamente, o seu grupo tiña feito dúas propostas, unha referíase ao art. 22 apartado 3, que o Sr. Iglesias acaba de explicar fai un momento, e outra máis ao art. 33.6, onde pedían que se publicase con carácter permanente. Di que non queda demasiado claro, pon que se publicará o mes de xullo, pero eles queren que se engada que se publique con carácter permanente, porque desta maneira pode ser que se publique, pero non se sabe canto, unha semana, un mes, dous meses, tres meses ou seis meses. Cre que con ánimo de transparencia debe permanecer, polo menos durante a lexislatura, a publicación na páxina web do concello. Di que supeditaban a súa abstención a estes temas e supón que logo llelo explicarán.

Segue dicindo que, por outra parte, esta modificación o que pretende é adaptar o Regulamento orgánico municipal á Lei de bases de réxime local, e tamén un pouco en consonancia cunha moción que presentou EU-IU no pleno do mes de novembro, onde solicitaban que se fixeran públicas as declaracións de bens dos membros da corporación local e tamén os cargos con dedicación exclusiva. Di que manifestaron xa, nalguna ocasión, que os concelleiros do seu grupo xa presentaron sendos escritos ao principio desta lexislatura, un ao Sr. alcalde e outro á Sra. secretaria, onde manifestaron e así o fixeron público, que as súas declaracións de bens, as que presentaron como concelleiros de EU-IU, se fixeran públicas a calquera veciño de Cambre que tivera interese no seu momento en conseguir eses datos.

Conclúe dicindo que coas modificacións que acaba de explicar eles votan a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o voto do seu grupo tamén vai ser a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que tamén ela vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, manifesta que o que están debatendo hoxe é unha consecuencia práctica do que se aprobou no pleno do mes de novembro, cuxa acta foi aprobada hoxe, que foi un modelo de declaración de bens e intereses, que cambia o que estaba vixente.

Di que o que quedou pendente nesa aprobación foi tomar a decisión sobre a maneira en que se ía a publicar, e iso é o que se fai coa proposta de hoxe. El cre que se trata de adaptarse á lei, que por outra parte na práctica xa se estaba facendo, só engadindo unha cousa a maiores, que é a publicidade vía páxina web municipal, porque o resto das publicacións xa se están facendo, como non pode ser doutra maneira, e para iso a secretaria municipal vela porque se cumpra perfectamente. A maiores, o que cada quen queira facer cos seus datos particulares, é moi libre de facelo, e sen problema de ningún tipo. El cre que eles aquí o que teñen é que chegar a un consenso básico, de cara a cumprir coa legalidade, de cara a cumprir ese código de boa conduta que tamén aprobaron, e decidir como se publican os datos, para que sexan accesibles. Iso é o que están decidindo hoxe, publicalo vía web municipal, ademais de nos boletíns oficiais ou nos taboleiros de anuncios correspondentes. Iso é o que están facendo, aplicar unha decisión que xa adoptaron por unanimidade no mes de novembro, e pensa que non hai que darlle máis voltas.

Conclúe dicindo que á proposta de Alcaldía engadiuse o tema de incluír ao persoal de confianza ou de gabinete, cousa que xa se estaba publicando, pero tamén incorporalo á publicidade web, e nada máis. El cre que niso estaban aparentemente todos na mesma liña, de acordo, e o que hai que facer é aprobalo e poñelo en práctica.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que lle gustaría insistir, aínda que non vai condicionar o sentido do seu voto para nada, pero que non sabe que problema podería haber en que os datos apareceran permanentemente publicados na páxina web ao longo da lexislatura.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que problema non hai de ningún tipo, e que tal e como está redactado non implica que non vaia ser así. Tal e como está redactado di: “*se publicará na web municipal*” e non se lle pon un límite de tempo para poñelo, ou sexa, que agora mesmo tal e como está redactado é perfectamente factible. En todo caso, se o Sr. alcalde, cando sexa, ou o equipo de goberno o quere retirar de aí, nese momento pode dar lugar a debate político, pero que agora mesmo non hai límite ningún tal e como está redactado. Non obriga, non di

taxativamente que ten que estar toda a lexislatura, pero tampouco di que teña que estar un mes ou dous meses, só di que se publicará na web municipal e non se establece ningún límite.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o límite poríase, se inclúen a súa suxerencia, engadir que permaneza os catro anos de lexislatura. O límite pode marcarse desa maneira, porque doutra forma pode quedar 15 días, unha semana ou o que sexa. En todo caso di que non vai supeditar a iso o seu voto, pero que de cara á transparencia pareceríalle ben que estivera os catro anos, porque os que están aquí en Cambre poden acceder cando queiran, pero se chega alguén de fóra igual non sabe que existe iso. A el pareceríalle ben que estivera exposto, pero como xa dixo non vai cambiar o seu voto a prol.

Concedida a palabra á Sra. secretaria da corporación informa que, igualmente, vaise publicar cada ano, porque agora as declaracións teñen que presentalas anualmente, e polo tanto teñen que publicalas todos os anos. Non é que estean durante toda a lexislatura, senón que cada ano teñen que presentalas e hai que publicalas no mes de xullo, e se alguén presenta unha modificación tamén hai que publicar esa modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa modificación efectuada ao artigo 22.3 respecto do persoal eventual, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG), e a concelleira non adscrita.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, a modificación dos art. 18 a 22 e 30 a 34 do Regulamento orgánico municipal que quedarán redactados do teor literal seguinte:

Artigo 18

1 - Os membros da Corporación percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva e, neste caso, serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para a situación de servizos especiais.

No suposto destas retribucións, a súa percepción será incompatible con outras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

2 - Os membros da Corporación que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou

desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva a estas, e nestes casos serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo a Corporación as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo 74 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os membros en situación de servizos especiais. Estas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de orzamentos xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven parella esta dedicación parcial e das retribucións destes, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción destas retribucións que, en todo caso, non poderá ser inferior a 20 horas semanais.

Os membros da Corporación que sexan persoal das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do dereito que lles asiste a gozar de permisos polo tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo de concelleiro.

Para os efectos do disposto no artigo 37.3.d) do Estatuto dos traballadores e no artigo 30.2 da Lei 30/1984, enténdese por tempo indispensable para o desempeño do cargo electivo dunha Corporación Local, o necesario para a asistencia ás sesións do Pleno da Corporación ou das Comisions, e atención ás Delegacións de que forme parte ou que desempeñe o/a interesado/a.

Artigo 19

1 – O Pleno corporativo, por proposta do presidente, determinará, dentro da consignación global contida para este fin no orzamento, a relación dos cargos da corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, e con dereito a retribución, así como as contías que lles correspondan a cada un deles tendo en conta o seu grao de responsabilidade.

2 – Unha vez adoptado o acordo, corresponde ao alcalde determinar os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

3 – O nomeamento dun membro da Corporación para un destes cargos só suporá a aplicación do réxime de dedicación exclusiva ou parcial se é aceptado expresamente por aquel, e esta circunstancia seralle comunicada ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. A aceptación deberase producir no prazo dos dez días desde a notificación ao interesado. Transcorrido o devandito prazo, entenderase que non acepta o cargo.

Artigo 20

1 - Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, percibirán indemnizacións polas despesas ocasionadas polo exercicio do cargo, cando sexan efectivas, e logo da súa xustificación documental, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións Públicas, e as que en desenvolvemento delas aprobe o Pleno corporativo.

2 – Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte, na contía que sinale o Pleno dela. Non obstante, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos rectores de organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de consellos de administración de empresas con capital ou control municipal ou de tribunais de probas para a selección do persoal.

Artigo 21

1 - Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñen cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, terán dereito a percibir indemnizacións por desprazamento, manutención, aloxamento e outros gastos ocasionados como consecuencia directa do exercicio do cargo.

2 - A contía deste tipo de indemnizacións fixarase polo Pleno do Concello, establecéndose a forma de percepción e os termos da súa xustificación nas bases de execución do orzamento anual.

En ningún caso estas indemnizacións serán inferiores ás que puideran corresponderlles en aplicación da normativa estatal que as regula.

3 - A contía e regulación das indemnizacións por desprazamento, aloxamento e manutención estableceranse nas bases de execución dos orzamentos, e deberán publicarse no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios da Casa de Concello e na páxina web municipal.

Artigo 22

1 - A Corporación consignará no seu orzamento as retribucións, indemnizacións, compensacións e asistencias ás que se fan referencia nos artigos anteriores.

2 - As cantidades acreditadas aboaranse, en termos xerais, unha vez ao mes, sen prexuízo de que o Concello adiante cantidades a xustificar no caso das indemnizacións e outras despesas.

3 - Publicaranse integramente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da Corporación e páxina web municipal, os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos,

indemnizacións e asistencias, así como as Resolucións da Alcaldía determinando os membros da Corporación que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Publicaranse igualmente no Boletín Oficial da Provincia, taboleiro de anuncios da corporación e páxina web municipal, o nomeamento, características e retribucións do persoal eventual.

4 - Mensualmente publicaranse na páxina web municipal as cantidades percibidas polos membros da Corporación en concepto de asistencias a órganos colexiados.

Artigo 30

1.- Todos os membros da Corporación, antes de tomar posesión como concelleiros, e como requisito imprescindible, presentarán ante a Secretaría Xeral do Concello:

- Declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*
- Declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas.*
- Copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, se é o caso.*

2.- As declaracións de actividades e de bens, efectuadas obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno, e as declaracións tributarias, se presentarán tamén:

- Con ocasión do cesamento no cargo.*
- Ao final do mandato.*
- Cando se modifiquen as circunstancias de feito.*
- Anualmente.*

3.- As declaracións presentaranse ante o secretario/a da corporación, que as asinará na súa calidade de fedatario público municipal, xunto co interesado, facendo constar, igualmente, a data de anotación e número de orde correspondente ao Libro de rexistro de intereses.

De todas as declaracións que se presenten se entregará ao interesado unha copia debidamente dilixenciada.

4.- De conformidade co establecido no artigo 75.7 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os membros da Corporación respecto dos que, en virtude do seu cargo, resulte ameazada a súa seguridade persoal ou a dos seus bens ou negocios, a dos seus familiares, socios, empregados ou persoas con quen tiveran relación económica ou profesional, poderán realizar a declaración dos seus bens e dereitos patrimoniais ante o secretario/a da Deputación provincial da Coruña ou, se é

o caso, ante o órgano competente da Xunta de Galicia, para a súa inscrición no Rexistro Especial de Intereses.

Neste suposto, achegarán ao secretario/a da Corporación, unha certificación simple e sucinta, acreditativa de ter cumprimentadas as súas declaracións, e que estas están inscritas no Rexistro Especial de Intereses, expedida polo funcionario encargado del.

A citada certificación deberá presentarse nos mesmos supostos previstos nas alíneas 1 e 2 do presente artigo.

Artigo 31

1.- As declaracións formuladas inscribíranse nos Rexistros de Intereses constituídos no Concello de Cambre:

- Libro 1º: Rexistro de Bens Patrimoniais*
- Libro 2º: Rexistro de Incompatibilidades e de actividades*

2.- Ambos rexistros están residenciados na Secretaría Xeral. A súa custodia e dirección corresponde ao secretario/a da Corporación.

3.- As inscricións en ambos rexistros referiranse a cada declaración formulada por orde correlativa de presentación, e conterán as referencias aos seguintes extremos:

- Número de orde*
- Nome e apelidos do declarante*
- Causa da declaración, segundo o establecido no artigo 30 de presente regulamento*
- Data de presentación ou inscrición no rexistro*
- Documento no que se presenta*

4.- En canto ás declaracións tributarias que se deberán presentar xunto coa declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, con ocasión das circunstancias a que se refire o artigo 30 do presente regulamento, se anotará a súa presentación no Libro 1º Rexistro de Bens Patrimoniais, onde se fará constar a natureza da declaración e o exercicio ao que corresponde, e quedarán depositadas como información complementaria ao citado rexistro, do que forman parte.

Artigo 32

1.- Os rexistros previstos no artigo anterior teñen carácter público. Para o acceso aos datos contidos neles rexerán as seguintes regras:

Calquera cidadán, a título individual ou en representación de persoa xurídica que desexe coñecer as declaracións, deberá presentar no Rexistro xeral ou polos medios do artigo 38 da Lei 30/1992, unha solicitude dirixida ao secretario/a da Corporación, na

que se faga constar o nome e apelidos do interesado e, de se-lo caso, da persoa que o represente, lugar que sinala para os efectos de notificacións, feitos, razóns e petición na que se indique o nome do membro corporativo sobre cuxa declaración se interesa consulta. No serán admisibles as solicitudes xenéricas.

2.- O secretario/a da Corporación, no prazo de cinco días hábiles desde a presentación do escrito do solicitante, e mediante comparecencia do interesado na propia secretaría municipal, deberá exhibir as declaracións correspondentes.

Tendo en conta o establecido no artigo 33.6 deste regulamento respecto da publicidade das declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación, non se facilitarán copias das declaracións, pero si se poderá entregar certificado dos extremos que se soliciten.

3.- O secretario/a da Corporación informará ao membro corporativo do que se solicite o acceso ao rexistro, da petición formulada e da comparecencia, se é o caso, para o seu coñecemento.

4.- As regras contidas nas alíneas deste artigo son de aplicación aos membros da Corporación.

Artigo 33

1.- Non se poderá tomar posesión como concelleiro, sen haber presentado a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas, obrigatoriamente nos modelos aprobados polo Pleno da Corporación, así como copia compulsada da última declaración tributaria do Imposto sobre a renda, patrimonio e sociedades, de se-lo caso. Cando a declaración ou declaracións tributarias presentadas non se correspondan coas do exercicio inmediatamente anterior, deberán presentarse estas na primeira quincena do mes de xullo.

As declaracións presentaranse aínda que xa se presentasen no mandato anterior.

2.- Durante o período de mandato, os concelleiros deberán formular a correspondente declaración no modelo aprobado polo Pleno, no suposto de que se produzan variacións respecto do consignado na declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades ou na declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, relacionando as alteracións producidas. O prazo para comunicar as citadas variacións será dun mes a contar desde o seguinte a aquel no que se teñan producidas.

3.- Igualmente, os concelleiros deberán presentar as declaracións no prazo de dez días desde o cesamento no cargo.

Cando o suposto sexa por finalización do mandato, o prazo se contará a partir do momento en que os concelleiros cesen no exercicio das súas funcións para a administración ordinaria, por toma de posesión dos seus sucesores.

No suposto de renuncia, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación e se declare a vacante.

No suposto de perda da condición de concelleiro por incompatibilidade, desde que se tome coñecemento do escrito de renuncia polo Pleno da Corporación ou desde que o Pleno declare a vacante, segundo se establece no artigo 25.4 do presente regulamento.

No suposto de perda da condición de concelleiro por decisión xudicial, desde que se tome coñecemento polo Pleno da Corporación e se declare a vacante.

4.- A presentación anual das declaracións a que se refire o artigo 30.2 deste regulamento efectuarase durante o mes de xuño.

5.- Cando os señores concelleiros non presenten as declaracións nos prazos establecidos nas alíneas anteriores, o secretario/a da Corporación efectuará o correspondente requirimento, outorgando un novo prazo de quince días, e, de seguir co incumprimento, se dará coñecemento deste feito na primeira sesión do pleno que teña lugar, e se publicará na páxina web municipal.

6.- As declaracións de bens e actividades presentadas polos membros da Corporación publicaranse con carácter anual no mes de xullo, na páxina web municipal, que será de libre acceso.

A mesma publicación levarase a cabo coas declaracións presentadas con ocasión do cesamento no cargo ou ao final do mandato.

Non obstante, para salvagardar a privacidade e seguridade dos membros da Corporación, se omitirán os datos relativos ao domicilio así como á localización dos seus bens.

Artigo 34

1.- As declaracións inscritas nos Rexistros de Intereses serán arquivadas segundo a orde da súa inscrición, e conservadas e custodiadas como documento do Rexistro de Intereses.

2.- Ao terminar o mandato da Corporación, as declaracións presentadas serán encadernadas e remitidas ao arquivo municipal.

Segundo: Abrir un prazo de trinta días para información pública e audiencia aos interesados, co fin de que poidan presentarse as reclamacións ou suxestións que se estimen oportunas.

Terceiro: No caso de que non se presenten, entenderase definitivamente aprobada a modificación do Regulamento orgánico municipal e publicarase o texto modificado no Boletín oficial da Provincia, de conformidade co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cando son as 21:00 horas auséntase da sesión o Sr. alcalde, pasando a ocupar a presidencia o primeiro tenente de alcalde, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo.

7º Mocións

O Sr. presidente expón que hai unha moción presentada polo grupo municipal do PP a quen lle pide que xustifique a súa urxencia antes de levar a cabo a votación. Di que a urxencia da moción ten que estar motivada e pídelles que o xustifiquen.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que esta é unha novidade máis, que primeiro se presentaba a moción en forma e prazo, logo decidiron votar a urxencia, e agora resulta que piden que se xustifique esa urxencia.

O Sr. presidente di que non sabe quen vai actuar de voceiro do PP nesta moción, neste debate. Se é o Sr. Cubeiro, dille que o primeiro que queren saber é cales son as motivacións, posto que pode haber algo que se lles escape e, entón, os informes técnicos e xurídicos que teñen con respecto a este tema poden cambiar.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que a urxencia desta moción é precisamente que se acabe dunha vez con isto, con que o alcalde que lle toque poida facer ao seu criterio o que queira. Eles o que queren é que haxa un regulamento claro, por iso presentan esta moción, que se presentou en forma e prazo, e o que solicitan é que se debata a urxencia da moción, en todo caso, sen xustificala, porque isto é unha novidade, dende logo.

O Sr. presidente manifesta que o que o grupo municipal do PP está proponendo con esta moción é unha modificación do Regulamento orgánico municipal, sobre varios temas, pero un deles precisamente é o tema das mocións, que son, como son, como se procede con respecto a elas.

Dilles que, en primeiro lugar, a aprobación, modificación ou derogación do Regulamento orgánico municipal precisa da maioría absoluta. É preciso xuridicamente, senón estarían dentro dun acordo nulo, que este tema pase polo ditame dunha comisión informativa, e precisa tamén, para poder ser un acordo válido, do informe xurídico

correspondente. Di que non hai moito, hai escasamente tres ou catro minutos, acaban de debater precisamente unha modificación do Regulamento orgánico municipal que tivo un procedemento con esas características que lles está sinalando, estaba ben incluído na orde do día, pasou por unha comisión informativa e foi ditaminado, e ten un informe xurídico avaliando a súa legalidade. Di que en forma de moción isto non se pode tratar, porque estarían ante un acordo nulo.

A maiores, a interpretación ou a regulación sobre o tema das mocións, sobre que son, como se presentan, cando se presentan, que carácter ten un tipo de moción ou outra, ademais de estar explicitado no actual Regulamento orgánico municipal, como deu lugar a moitas controversias durante esta lexislatura, foi necesario que por parte da Secretaría municipal se elaborara un informe, que pensa que foi de novembro do ano 2009, que está en poder de todos os grupos municipais, e mentres non se demostre o contrario, ou non haxa un informe xurídico negativo, é o que serve para interpretar como se teñen que desenvolver estas cousas.

Polo tanto, dende aquí se decide a improcedencia desta moción, porque en caso de que se debatira estarían ante un acordo nulo, como así lles teñen advertido os servizos técnicos e a Secretaría Xeral municipal. Pensan que non debe ser declarada de urxencia, e máxime vendo as motivacións que o neste caso voceiro do PP, expuxo, que dende logo non a xustifican en absoluto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, como dixo no pleno extraordinario do luns, afortunadamente esta lexislatura acábase e vai entrar xente nova.

O Sr. presidente pídelo ao concelleiro que se cinga ao debate que teñen en marcha, e que, por favor, non faga valoracións.

O Sr. Cubeiro Martínez responde que se está cinguindo ao debate e o que di é que esta lexislatura afortunadamente se acaba e virá xente nova que probablemente teña unha idea máis democrática da xestión municipal. Dille ao Sr. Iglesias que non pasa nada por non debater, quedan dous meses e non van cambiar nada, pero que se quede a gusto impedindo que se debata, que non se preocupe.

O Sr. presidente dille ao concelleiro do PP que sabe perfectamente que non é el, que son os informes xurídicos, pero que non sabe se o Sr. Cubeiro vén hoxe con ganas de facer espectáculo, como é habitualmente, non o sabe, e dálle igual, pero subscribe unha boa parte do que acaba de dicir o concelleiro do PP, menos mal que se acaba a lexislatura.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que iso de dar espectáculo

O Sr. presidente dille que non está no uso da palabra.

O Sr. Cubeiro manifesta que sempre que está o Sr. Iglesias de alcalde en funcións teñen que enfrontarse.

O Sr. presidente reitera que o concelleiro do PP non está no uso da palabra e pídelles que deixe falar ao voceiro de EU-IU, pídelles que respecte un pouco esta institución na que está representando aos veciños.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que se atopan ante unha realidade que é a modificación do Regulamento orgánico municipal, e a proposta do seu grupo en caso de tratar o asunto ía ser moi clara, solicitar ao PP que deixara este tema enriba da mesa, e que entre todos os grupos da corporación, sen excepcións, traballar en clave de acordos e de posible consenso, porque están falando de establecer unhas regras de funcionamento orgánico neste concello, e deberían buscar acordos, os máis posibles, do contrario, se non buscan acordos que lles satisfagan medianamente a todos, a próxima maioría que veña para aquí, pode cambiar outra vez o Regulamento orgánico municipal.

Segue dicindo que, de todas as maneiras, el tamén cre que esta moción, e por iso pide que quede sobre a mesa, entra bastante en contradición con outras cousas que se aprobaron neste salón de plenos, e incluso vai contra o Código de conduta política suscrito por todos os partidos con representación parlamentaria. Fai moi pouco tempo, cre recordar que non hai catro meses, aprobouse unha moción presentada por EU-IU pola que se adherían ao Código do bo goberno local aprobado pola Federación Española de Municipios e Provincias, e ratificado por este pleno, simplemente coa abstención do Partido Galeguista. Examinada esa moción e examinados os acordos que aquí se tomaron, entra en contradición total, e xa dixo tamén o Sr. presidente que vai en contra da Lei de bases de réxime local. El ía pedirlle á Sra. secretaria que lle informara, pero xa lle quedou bastante claro que vai en contra da lei. Por conseguinte el insiste en que lle parece que debería ser na xunta de voceiros onde limaran asperezas e trataran de chegar a acordos para conseguir un Regulamento orgánico municipal que satisfaga medianamente a todos os grupos aquí presentes.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el non vai entrar en comedias deste tipo, polo tanto, non vai dicir nada.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que quere agradecer ao PP, pola parte que lle toca, porque nun punto da moción solicitábase que a xunta de voceiros estivera tamén integrada polos concelleiros sen adscrición política, os concelleiros non adscritos, cousa que ela ven demandando dende o mes de decembro de 2009, e cousa que se lle denegou sempre. Nesa xunta de voceiros, que é da que fala o concelleiro de EU-IU, é onde se debate e, como tamén dixo, onde se liman asperezas, oportunidade que a ela se lle nega dende o mes de xaneiro de 2010. Estáselle negando unha información que ten dereito a ter.

O Sr. presidente agradece todas as intervencións e, precisamente a raíz desta última, di que eles non querían entrar dende a presidencia no fondo da cuestión, pero di que unha segunda parte das que aborda a proposta, entra en total incongruencia e contradición cos acordos do Pacto antitransfuguismo subscrito por todas as forzas políticas no ano 2006, no que facendo referencia ao que acaba de citar a Sra. concelleira non adscrita, dise especificamente que non existe, pois, un dereito do concelleiro non adscrito a participar en todas as comisións plenarias. Non poderán participar na xunta de voceiros pois a referida xunta só pode ser constituída polos voceiros dos grupos políticos municipais, etc, etc. Di que iso é o que o PP en Cambre ven a presentar nesta moción, unha modificación do Regulamento orgánico municipal que vai absolutamente en contra do que se ten subscrito no pacto antitransfuguismo. Di que non era só o tema das mocións, é tamén a regulación destes dereitos.

Por todo isto, entenden que é unha contradición flagrante, é xuridicamente inviable tratalo, por procedemento e por contido, e por riba é unha contradición con respecto a acordos políticos que todos din coa boca grande que teñen subscritos, pero que despois coa boca pequena non cumpren.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín manifesta que en moitos plenos tratouse o tema do transfuguismo, e ela pregunta se tránsfuga, cando se vai dun grupo por diferenzas, o declara o Sr. Iglesias ou o Sr. Taibo, por exemplo, porque ela leva dende o mes de decembro de 2009 como concelleira non adscrita, e en todo ese tempo o PSOE non a declarou tránsfuga en ningún momento, é máis, hai declaracións do partido nas que se di que este tema non é transfuguismo. Iso é o que quere deixar claro, que a data de hoxe o PSOE non a declaraou tránsfuga.

O Sr. presidente manifesta que el non acusou a ninguén de ser tránsfuga, o que fixo foi ler o texto do Pacto antitransfuguismo no que se di, exactamente, que non existe un dereito do concelleiro non adscrito a participar en todas as comisións plenarias, non poderán participar na xunta de voceiros, pois a referida xunta só pode ser constituída polos voceiros dos grupos políticos municipais. Di que se refire aos concelleiros non adscritos, dentro do acordo do Pacto antitransfuguismo e a iso foi ao que se referiron.

A continuación di que lle dá a palabra ao Sr. Marante e que despois pechan xa o tema.

Don Manuel Marante Gómez di que precisamente iso era o que ía pedir, porque díxose que non se trata a moción e resulta que levan falando dela media hora. Pide que vaian ao que hai que ir e que se deixen de historias, que se non se trata haberá que ir a outro punto.

Solicita a palabra o voceiro de EU-IU para responder ás alusións que fixo a concelleira non adscrita, xa que di que el antes fixo mención a distintas proposicións que se aprobaron no pleno, que están nas actas, e que aprobaron todos. Un dos acordos foi o relativo á aprobación dun Código de conduta política en relación co transfuguismo nas corporacións locais. El non quería ler isto, pero que están obrigándoo a facelo. Di que

non fala do transfuguismo, pero si di que a condición de concelleiro non adscrito non é equiparable en ningún caso ao grupo político, por canto comporta unha violación da Lei reguladora das bases do réxime local. Cre que está perfectamente claro.

Conclúe dicindo que posteriormente a isto, aprobouse outra moción que presentou EU-IU, para subscribir un acordo da Federación Española de Municipios neste sentido, e foi aprobado por todos, e, se aprobaran esta moción agora, estarían en contradición co que aprobaron antes.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que se alegra de que se debata sen permitirlles debater. Realmente hoxe a actitude do Sr. Iglesias o que invita é a marchar, é antidemocrática e é ditatorial.

8º Informes da Alcaldía

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2736, de data 15 de decembro de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Erundina Prado Arcay dende o día 16 de decembro de 2010 ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Da Resolución de Alcaldía núm. 2880, de data 28 de decembro de 2010, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Aceptar a solicitude da concelleira delegada da área de Cultura e Contratación, dona Erundina Prado Arcay e, para tal efecto, continuar esta Alcaldía no exercicio das competencias correspondentes á dita área ata a súa solicitude expresa de plena reincorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 678 o día 17 de xaneiro de 2011, presentado por dona Erundina Prado Arcay, no que comunica que con esta data se reincorpora ao exercicio da totalidade das súas funcións como concelleira delegada da área de Cultura e Contratación do Concello de Cambre.

- Da Resolución de Alcaldía núm. 8, de data 10 de xaneiro de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de dona Carmen Tato Lago dende o día 10 de xaneiro de 2010 ata a súa incorporación, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 320, o día 12 de xaneiro de 2011, procedente da presidencia da Xunta de Galicia, no que se agradece o envío do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre en sesión de data 25 de novembro de 2010, do cal se deu traslado á consellería correspondente. Fai referencia á moción relativa ao Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 530, o día 14 de xaneiro de 2011, procedente do presidente do Senado, no que se comunica que a certificación do acordo adoptado polo pleno do Concello de Cambre, en sesión de data 25 de novembro de 2010, en relación coa conmemoración do Día internacional da eliminación da violencia contra a muller, foi trasladada aos voceiros dos grupos parlamentarios.

- Do informe da Policía Local, de data 26 de novembro de 2010, en relación coas afirmacións recollidas na acta do pleno de 25 de novembro de 2010, nas que se afirmaba a non existencia de sinalización indicativa das instalacións escolares e deportivas nos Campóns, e que se transcribe a continuación:

“Que na estrada CP-1702 (Cambre-A Rocha), compróbase que en ambos sentidos de circulación e próximas á intersección desta vía coa pista municipal que procede do instituto e do polideportivo, atópanse colocados sinais indicando a situación de ambos centros.

Achégase unha reportaxe fotográfica dos dous sinais citados anteriormente.”

9º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta ao Sr. presidente que o seu grupo, en mostra de repulsa pola súa actitude, vaise abster de ler tanto os rogos como as preguntas presentadas para este pleno.

O Sr. presidente sinala que seguramente moita xente o vai agradecer, ou algunha se preguntará por que deixan de exercer as súas funcións.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que eses comentarios debe de evitalos.

O Sr. presidente manifesta que o día que o Sr. Cubeiro se sente na presidencia, poderá facelos. A continuación concédelle a palabra ao voceiro de EU-IU.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1285 o día 22 de xaneiro de 2011, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Varias foron as iniciativas que ten presentado o noso grupo sobre os paneis publicitarios instalados no territorio do noso concello, tanto en espazos públicos como privados, descoñecendo o control municipal que debe exercer a administración local sobre a concesión de licenzas.

O noso grupo convencido de que non pode empregarse de forma irregular ou ilegal a instalación e utilización de paneis publicitarios sen licenza sen control municipal, e transcorridos máis de dous anos onde solicitábamnos mediante escrito se nos facilitaran os antecedentes relativos a este asunto, a día de hoxe non contamos coa información que por dereito e de acordo coas normativas vixentes ten que facilitarnos o goberno do concello.

Partindo da base de que parece da máis pura lóxica que os acordos e compromisos plenarios se toman para ser levados á práctica, dentro dun prazo razoable:

Unha vez máis o grupo municipal de EU-IU prega aos responsables do goberno nos informe sobre a instalación de paneis publicitarios, dando resposta ás seguintes cuestións:

1. Relación, número e lugar de colocación de paneis publicitarios existentes en terreos do termo municipal, instalados por empresas de publicidade.
2. Informes efectuados polos técnicos do concello, como consecuencia das obras realizadas.
3. Relación dos ingresos obtidos nos últimos catro anos, en concepto de licenzas e taxas, facilitados polos departamentos correspondentes.
4. Informe sobre o procedemento do ingreso das contías e forma de contabilizalo nos orzamentos correspondentes.
5. A quen corresponde emitir os informes para comprobar e aprobar os metros ocupados, tanto en terreo público como privado.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que ten un informe, do cal logo lles entregará copia, no que figura unha relación de paneis publicitarios con licenza. Son 6 autorizadas nos anos 2008, 2009 e 2010.

En canto á relación dos ingresos obtidos nos últimos catro anos, en concepto de licenzas e taxas, facilitados polos departamentos correspondentes, di que con respecto aos paneis publicitarios, a Ordenanza fiscal n.º 7 reguladora de taxas polo outorgamento de licenzas urbanísticas, establece unha tarifa para os carteis visibles dende a vía pública, de 15 euros/m². Cando o que realice a obra teña o carácter de asociación inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións Veciñais, ou non tratándose de tales asociacións o orzamento da obra non supere os 1.200 euros, a cota pola que se tributará será cero.

Segundo a relación facilitada polo departamento de Urbanismo, nos expedientes dos paneis publicitarios concedidos, non se liquidou taxa por outorgamento de licenzas urbanísticas por non contar cun orzamento superior a 1.200 euros.

En canto á pregunta catro, di que os ingresos procedentes de taxas por concesión de licenzas urbanísticas e de ocupación de dominio público, contabilízanse de forma conxunta e mensualmente, sen diferenciar o concepto da licenza urbanística, é dicir, se é por concesión dunha licenza de obra dun panel publicitario. O mesmo pasa coas ocupacións de dominio público que se contabilizan en conxunto, sen diferenciar a orixe da ocupación.

En canto á pregunta de a quen corresponde emitir os informes para comprobar e aprobar os metros ocupados, di que iso corresponde a Urbanismo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, en primeiro lugar, a el chámalle a atención que se diga que hai licenza concedida a seis paneis publicitarios, onde el estima que hai bastantes máis no concello en terreo público. Parécelle que hai máis e aquí falan de seis licenzas concedidas dende o ano 2008 ao ano 2010.

Por outra parte, di que tamén lle parece bastante irrisoria a cantidade que se fixa de 15 euros/m², que nun panel de 24 m² suporía un pouco máis de 300 euros, cando unha empresa por poñer os anuncios cobra ao mes igual cantidade ou máis.

En todo caso, di que el estivo en Intervención preguntando sobre estes puntos que acaba de expoñer, e díxeronlle que sobre paneis publicitarios tiñan moi pouca idea, que moi poucos expedientes viran sobre ese tema. El cre que cando se instala un panel publicitario, igual que cando se instala calquera obra, máis ou menos desta envergadura ou tamaño, debe haber unha licenza previa, un informe, un informe técnico, os metros de ocupación, porque están falando dun estandarte de bastantes metros, e ninguén está libre de que un día caiga na estrada e colla a unhas persoas ou un coche e haxa unha desgraza, non se sabe se teñen seguro, non saben nada.

Di que xa en agosto de 2007 presentou unha pregunta sobre os paneis publicitarios. Díxoselles que ían contestar por escrito, e ata hoxe non se lles deu o escrito. No 2008 contestoulles o Sr. alcalde que había un informe elaborado, eles non teñen coñecemento nin constancia dese informe. No 2009, máis ou menos se lles contesta o mesmo, e non se lles pasa ningún informe. E xa no 2010 se lles contesta que se abriron distintos

expedientes, el imaxina que se abriron para a instalación de paneis en terreo público, diso cre que si teñen algunha constancia, pero tampouco teñen copia.

En resumo, que xa van seis veces, con este pleno, que solicitan información, e é unha información que a el non o convence para nada. De todas as maneiras, van supervisar o informe que hoxe lles deron e tomarán as medidas pertinentes e oportunas que consideren respecto do tema dos paneis publicitarios.

2º Sobre o centro de saúde do Temple. Recentemente por iniciativa dunha veciña do Temple, presentábase no rexistro do concello un escrito avalado por 724 firmas, co seguinte texto:

Os abaixo asinantes queremos denunciar a situación que se está producindo a diario no centro de saúde do Temple, como consecuencia da falta de persoal e carencia de especialidades médicas.

Este feito provoca que os veciños/as estean a sufrir longas esperas na cita previa para ter o acceso á atención necesaria.

Por isto solicitamos ao goberno municipal de Cambre que esixa de inmediato a dotación de maiores recursos nas instalacións sanitarias existentes, co fin de corrixir as ditas deficiencias e minimizar ao máximo posible os tempos de espera para a atención aos enfermos.

Así mesmo solicitamos como veciños e cidadáns, que o concello reclame coa maior urxencia da administración competente, neste caso, a Consellería de Saúde da Xunta de Galicia, que acelere os trámites burocráticos necesarios e dote canto antes nos seus orzamentos a partida necesaria para a construción do prometido centro de saúde.

Por todo isto o noso grupo municipal e todas as persoas comprometidas coa súa firma pregamos ao goberno local adopte unha actitude decidida respecto do problema, levando a cabo as reclamacións presentadas polos cidadáns/ás. Así mesmo no próximo pleno ordinario informarán puntualmente das xestións realizadas.

O Sr. presidente contesta que están completamente de acordo. Di que esta mesma mañá o Sr. alcalde tivo unha reunión na Dirección Provincial do Sergas para abordar estes asuntos e que, en todo caso, terá que ser el quen ofrezca información máis pormenorizada, pero que o que lle dixeron foi que a tramitación da construción do novo centro están a facelo en Santiago, na Dirección do Sergas, e que en principio dicían que ía en marcha. Máis adiante, cando o Sr. alcalde estea presente, dará información.

Conclúe dicindo que, en todo caso, están completamente de acordo, tanto co escrito como coa proposta que fai EU-IU.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, quere aclarar que é un rogo de apoio a unha iniciativa dunha veciña, que hai que recoñecerlle que foi traballo dela, e aquí o seu recoñecemento e o seu apoio, intentando que se acurten os prazos o máximo posible, intentando eliminar un cupo que xa nin existe, é dicir, unha ratio con case 1800 pacientes por médico no Temple, que é realmente escandalosa.

3º A conservación e poda do arboredo en terreos públicos do concello é un dos procedementos máis comúns para eliminar as ramas enfermas ou infectadas, mellorando así a estrutura dos exemplares, e ao mesmo tempo evitar que a proliferación das súas ramas causen molestias e problemas de seguridade ás persoas, aos seus bens e á propia seguridade viaria. Isto debe implicar unha prevención específica periódica para cada caso segundo as necesidades.

Tendo en conta que este problema é competencia atribuída á Deputación Provincial, pregamos que os responsables do goberno soliciten coa máxima urxencia a este organismo, se realice unha poda selectiva do arboredo da estrada da Estación, permitindo un desenvolvemento armónico e saudable para as árbores, previndo os posibles accidentes e as molestias e prexuízos ocasionados aos veciños/as pola proliferación das ramas.

O Sr. presidente contesta que están de acordo, só queren puntualizar que esta cuestión non é que estea atribuída á competencia da Deputación, senón que a Deputación é a titular da estrada da Estación e, polo tanto, é a responsable, a competente para facelo.

Di que adiantándose un pouco a este rogo, que comparten, o 23 de novembro xa dirixiron un escrito ao presidente da Deputación Provincial, precisamente instándolle a que non deixara de man o facer a poda selectiva que eles teñen previsto facer cada dous anos, con carácter bienal, durante este mes de febreiro, antes de mediados de marzo, que é o momento biolóxico. Están en contacto cos técnicos da Deputación, insistíndolles, pero xa foi o 23 de novembro, por rexistro de saída, un escrito dirixido ao presidente da Deputación, para que o tiveran en conta, adiantándose precisamente a isto, porque están naturalmente, de acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que só quere dicir que, do mesmo xeito que lle esixen aos veciños de Cambre que teñan en perfecto estado o arboredo, as silveiras e a ocupación de maleza nos camiños, cre que a Deputación Provincial con máis motivo por ser un organismo público, debía ter en perfectas condicións as árbores da estrada da Estación, e sobre todo nos sitios onde causa prexuízos ás vivendas lindeiras.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 1410 o día 24 de xaneiro de 2011.

1º Rogo que por parte do goberno municipal se instale a marquesiña no alto da Rocha, que xa hai máis de tres anos foi solicitada polos veciños.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que, como xa dixo noutro pleno anterior, estaban agardando a que chegara de Fomento a autorización, xa chegou e, polo tanto, en breve se montará esa marquesiña.

2º Rogo se informe por parte do goberno municipal en que estado se atopa a elaboración do inventario de bens municipais.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que, de momento, non se lle pasou nada aínda, pero que se lle parece na próxima semana farállo chegar por escrito.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que agarda que o Sr. concelleiro cumpra co que di, porque están afeitos a outra cousa.

3º Rogo se informe para cando ten pensado o goberno municipal pagar as subvencións ás entidades e asociacións sen ánimo de lucro do Concello de Cambre.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que pola súa parte tamén lamenta esta demora, pero que moi proximamente se fará. Están presentados en Intervención e cre que en 15 días se fará o pago.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que agarda que non sigan demorándose máis.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que as preguntas do seu grupo teñen o mesmo destino que os rogos, manifestando a súa repulsa pola actitude do Sr. presidente, e, polo tanto, non as van ler.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1285 o día 22 de xaneiro de 2011, xunto cos rogos presentados para este pleno.

2ª En consonancia con outras iniciativas presentadas, o noso grupo presentaba na xunta de voceiros do mes de novembro, a necesidade de habilitar zonas de baño e espaxemento nas ribeiras do río Mero. Tendo en conta a complexidade do tema ao confluír competencia doutras administracións na tramitación e concesión das ditas áreas; acordouse solicitar dos responsables da Xunta de Galicia información relativa sobre esta necesidade.

Poden informarnos das xestións realizadas?

Antes de contestar, o Sr. presidente sinala que esta era a pregunta que figuraba en segundo lugar, e pregunta se é que retiran a que figuraba primeiro.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, contesta que non, e que se non hai problema a lerán a continuación.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que non hai ningún problema. En canto á pregunta realizada di que se trata dun tema que é recorrente, que teñen comentado en moitas ocasións. Neste momento o problema fundamental que hai aí é aclarar ben as cousas e esixir que se faga o mantemento do que xa existe, antes de ter outro tipo de acordos. O único que se teñen feito son consultas verbais, pero non se ten feito de maneira formal e protocolaria por escrito e por vía de rexistro.

Di que, ademais, hai un problema do que lles informan os técnicos municipais, que é que o plan de abastecemento de Galicia 2005-2020 establece a prohibición de determinado tipo de actividades lúdicas no tramo do río Mero por estar dedicado ao abastecemento de auga da cidade da Coruña. É unha circunstancia que hai aí, e, neste momento, tal e como se ten comentado en ocasións, como non hai ningún proxecto concreto para facer o tema das zonas de baño, ou das actividades acuáticas, tampouco hai tramitada de maneira formal ningunha solicitude nese sentido. Di que se van encontrar con ese contexto e o lóxico é facer as tramitacións no momento no que haxa un proxecto concreto para facelo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que como ben sabe esta corporación, este é un tema que xa non é a primeira vez que vén a este pleno. El cre que é unha necesidade demandada polos veciños de Cambre, para poder gozar dunhas áreas de baño e espaxamento nas ribeiras do río Mero. Pide que, tendo en conta a complexidade e dificultade que existe por tratarse de Augas, organismo dependente doutra administración, da Xunta de Galicia, que recaben información. O Sr. Iglesias dixo que teñen información vía telefónica e de palabra, polo que el pediría a este goberno que sexa un pouco máis estrito, que lle manden algo por escrito á Xunta de Galicia, e que deses escritos teñan constancia o resto dos grupos da oposición.

Di que cre que é unha demanda non só do seu grupo. Pensa que todos están de acordo en que haxa polo menos a posibilidade de que Cambre conte cunhas zonas de baño no río Mero, con independencia do que se di, que hai algunhas contradicións, que é unha zona onde se capta auga para o consumo humano e que non se poderán instalar esas zonas. El ten as súas dúbidas sobre iso, e así llas fixeron chegar.

Conclúe dicindo que este goberno é quen ten que facer as xestións necesarias, polo menos para informarse de se é posible a instalación desas áreas ou non.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que a referencia que el fixo a esas limitacións ou prohibicións non é un invento nin unha conversación, é un informe

técnico sobre o plan de abastecementos, que é un plan estratéxico de 15 anos no que figuran esas características nos anexos e que se refiren ás captacións de augas no río Mero.

Di que esa é a referencia que teñen, e que outra cousa é que se poida preguntar para que o aclaren, efectivamente, pero xa lle dixo que non se fixo porque non hai neste momento un proxecto concreto ao que dirixir esa contestación no caso de que fora favorable, porque, por suposto, se fora negativa xa non habería nada que facer.

Conclúe dicindo que non hai ningún problema por facelo, pero di esas son as circunstancias.

1ª Recentemente facilitóusenos información co fin de dar nome a unha praza nas inmediacións das rúas Tapia e María Mariño. Tendo en conta os problemas existentes subliñados polo técnico municipal en relación coa situación da mencionada praza, o asunto non foi resolto á espera da corrección das anomalías detectadas.

Por iso o noso grupo pregunta:

Cal é a situación actual do problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que el cre que xa o teñen comentado, non sabe se en pleno ou nalgunha comisión. Di que esa praza é de titularidade municipal dende o ano 2005, cando se asinou o convenio, o que pasa é que hai unha obra urbanizadora que fai a promotora desa unidade de actuación que non está recibida porque ten unha serie de fallos de execución, ou pequenos defectos que os servizos técnicos din que teñen que ser corrixidos. Fundamentalmente, polo que lles explicaron, nalgunhas das zonas de paso o tipo de piso que se colocou, coa humidade ou coa choiva pode dar lugar a esvaróns polo que se lles indicou que teñen que modificalo. En canto o fagan, cando teñan unha tempada de bo tempo para poder facer ese novo revestimento e os servizos técnicos lle dean o visto e prace, pasará a ser recibida a obra urbanizadora, porque o que é a praza xa é de propiedade municipal, o que hai é unha obra que está aínda sen entregar porque os técnicos municipais atoparon unha serie de defectos que ten que corrixir o promotor, esa é a situación neste momento.

Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU, pregunta se, entón, neste momento a praza non está recepcionada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a praza está recepcionada, o que non está recepcionado é a obra urbanizadora.

Don Juan Antonio Fernández López pregunta se as anomalías están sen corrixir, e se o problema máis grave é o do firme, que hai que esperar a que mellore o tempo para modificalo.

O Sr. Iglesias di que si.

Don Juan Antonio Fernández López pregunta se non se detectou ningún tipo de anomalía, nin hai informe desfavorable, no tema dos accesos a esa praza, é dicir, se esa é unha praza pública imaxina que será para uso dos veciños, e só fai falta pasar por alí para ver o acceso que ten, onde imaxina que unha ambulancia ou un camión de bombeiros vai ter bastantes problemas para ter acceso a ela, e incluso dende a rúa Tapia hai aparcamento público alí, diante do acceso. Pregunta se diso non se valorou nada.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que non sabe se o Sr. concelleiro lle está preguntando pola súa opinión persoal, que seguramente coincide coa súa, ou está preguntando pola situación con respecto da tramitación desa promoción. El o que está contestando é a iso, tamén pode dar a súa opinión persoal, se el puidera decidir tampouco lle gustaría, esa é unha obra que se fai con base na regulamentación das Normas subsidiarias no ano 1994, que conta coa aprobación de todos os informes técnicos baseados no cumprimento da norma subsidiaria. A praza está recibida por parte do concello. A propiedade, a titularidade da praza interior, está recibida no ano 2005, no momento no que se aproba o proxecto de urbanización. Era condición sine qua non, ou non poderían seguir adiante, e a empresa promotora ten que facer unha obra urbanizadora, con esas características. Os técnicos municipais din que neste momento a obra urbanizadora presenta unha serie de deficiencias ou de carencias, e que en canto se reparen pola empresa promotora, será recibida a obra urbanizadora e poñerase a uso público, como ten que estar.

Se a pregunta é se lles gusta ese modelo de urbanización, di que a algúns non lles gusta, pero que é o legal e o que está aprobado con base a unhas normas urbanísticas vixentes, e vense tramitando dende hai anos, o outro non ten nada que ver. O grupo de EU-IU pregunta por como está o punto de tramitación, e ese é exactamente como está.

Don Juan Antonio Fernández López conclúe que, entón, seguirán preguntando.

3ª A execución das obras da travesía do cemiterio comezaron no mes de maio pasado estando previsto o seu remate en seis meses. Ante os problemas xurdidos coa empresa adjudicataria por entrar nun concurso de acreedores, o noso grupo prega se nos informe dos procedementos e actuacións levadas a cabo e da situación actual da obra.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non é tampouco a primeira vez que falan disto, cre que foi no pleno pasado cando xa o comentaron. A obra tiña que estar rematada a finais do mes de novembro, cre que sobre o día 28 ou 29, e o día 13 de decembro, á vista da situación de non remate desas obras, pedíuselle á dirección de obra que emitira uns informes, precisamente para iniciar os procedementos sancionadores ou de rescisión coa empresa. Dende ese momento hai unha serie de informes que foi presentando a dirección de obra, que eran moi negativos, ten varios que son longos de ler, hai algúns que son moi negativos nos primeiros momentos, pero teñen os últimos, da semana pasada, nos que afirman xa que o ritmo de obras é un ritmo forte, e que os

compromisos acadados en diferentes reunións que se mantiveron coa empresa, nas que se lle advertiu claramente da situación na que estaba a incorrer, e do que ían iniciar, parece que tivo o efecto e están modificando.

Di que, efectivamente, é unha obra que ten que estar rematada e que, probablemente, se a empresa cumpre co compromiso, e parece que agora na práctica así o está facendo, poderá estar rematada aproximadamente nun prazo de dous meses, polo menos o que é a parte principal, o máis visible e o máis molesto da obra.

Segue dicindo que esa é a situación na que están neste momento. Como saben é unha empresa que está nunha situación de crise, que está en concurso de acreedores, con problemas laborais, con problemas de subministración por parte dos seus provedores, e o Concello de Cambre o que fai é actuar dentro das prerrogativas e cos mecanismos de defensa que lle dá a lexislación que é iniciar expedientes sancionadores ou de rescisión de contrato, pero que non son inmediatos, que teñen o seu prazo e teñen que estar xustificadas. Di que esa é a situación e que, en todo caso, como opinión persoal, e tamén a dos técnicos, é moito mellor non acabar en rescisión, e que a empresa adxudicataria remate a obra, porque sempre será moito antes que facer todo o procedemento, con proposta ao Consello Consultivo de Galicia, etc., para facer a rescisión, sería un procedemento moito máis longo.

Conclúe dicindo que niso están, que hai unha vixilancia diaria por parte da dirección de obra e por parte do responsable do proxecto, do técnico municipal responsable do proxecto, para verificar que iso se está cumprindo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que efectivamente eles hoxe pasaron por aí, estiveron vendo as obras, viron que se estaba traballando a un ritmo bastante axeitado e, polo ben dos veciños, e polo ben de todos, agardan que a execución sexa no menos tempo posible e da mellor maneira que poida ser.

Preguntas da concelleira non adscrita presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 1412 o día 24 de xaneiro de 2011.

1ª Pensa o equipo de goberno facer algunha actuación na zona da Barcala, como cambio ou reparación do mobiliario urbano e acondicionamento dalgunhas das prazas?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que teñen unha memoria técnica valorada, encargada no mes de outubro, que tiñan pensado incluír dentro do Plan de Obras e Servizos que se aprobou no pleno de finais de novembro. A cuestión é que para cambio de equipamento e mobiliario os informes que emiten os técnicos din que non era compatible co obxecto do proxecto, e houbo que retiralo.

Están mirando a ver con que fondos se pode facer. A memoria está aproximadamente en 29.000 euros, para modificar o mobiliario urbano que está deteriorado, e amplialo nas

prazas de 1º de Maio, Amador e Daniel e na outra da que non recorda agora o nome. O que están mirando é se pode encaixar nos orzamentos municipais, tamén hai unha subvención vixente, en período de solicitude no que se podería incluír.

Conclúe dicindo que hai a intención, e que tamén hai un deseño e un proxecto para facer esas modificacións, e que vai depender do financiamento, de incorporalo aos orzamentos municipais se os consiguen aprobar, ou das subvencións que poidan vir de fóra.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se a brigada que se contratou para atender as demandas da Barcala non funcionou moi ben. Refírese a unha brigada que se colleu polo INEM.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que era unha brigada traballando durante uns meses, compartida entre O Temple e A Barcala, e fixeron moito traballo pero non o suficiente. En todo caso, nestes días estanse facendo tamén reparacións nas beirarrúas, etc., e o que queda un pouco pendente é o tema do mobiliario urbano, por iso pediron este proxecto e van ver se consiguen o financiamento para el, porque tampouco é moi grande e malo será.

2ª A asociación sociocultural de mulleres Nosa Señora da Visitación da Barcala recibiu varias notificacións e ordes de desaloxo do local, sen recibir a recepción do local comprometido no seu momento para realizar as súas actividades, cal é a razón pola cal non se lles cedeu o local situado na rúa Río Mero?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, explica que aínda que na pregunta puxo Río Mero, realmente é Río Miño e Río Sil.

Don José Francisco Parcerro Rial contesta que a esta asociación se lle mandaron varias notificacións, que non recolleron ningunha, viñeron de volta, a última concretamente mandouse polo notificador e fixo unha dilixencia de que non atopou a ninguén. Puxéronse en contacto con esta xente e chegaron a un acordo de que ese local ía compartirse coa Asociación de minusválidos Arela. Iso é o que lle pode dicir, e que foi hai 3 ou 4 días. Non sabe por que protestan agora.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín explica que ela ten unha notificación de 23 de novembro asinada polo Sr. concelleiro, na que lle dá á asociación un prazo de 15 días para deixar libre o local. Tamén lle comentaron dende a directiva que parece ser que en Reis, como era costume dende hai moitos anos, viñan poñendo chocolate con churros para os nenos, e que o Sr. concelleiro notificoulle á asociación que non podían realizar esta actividade, que non se podían dar nin bebidas nin alimentos nos locais sociais, nos locais municipais. Di que na asociación sentiron iso, e vaino poñer entre comillas, como ameazas por ter desoído a orde do Sr. concelleiro, aínda que eles non a desoíran, senón que chamaron ao Sr. alcalde e este díxolles que o fixeran, como todos os anos.

Explica que na asociación en ningún caso están en contra de compartir local con outra asociación, o que queren é que dende o concello lles aseguren que poden cumprir co calendario das actividades que xa teñen fixadas, porque dende o concello dixeron que vai ter preferencia a outra asociación, por iso elas queren ter seguridade de que van poder seguir facendo as súas actividades.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que é perfectamente compatible, porque son dous locais absolutamente independentes, só é cuestión de vontade. Se teñen vontade poden compartilo, se non a teñen, non. Pero que son dous locais totalmente independentes un do outro, que non interfieren para nada nas actividades, poden estar facendo simultaneamente as dúas actividades.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que a ela o que lle comunicaron, porque ela di o que lle comentaron dende a asociación, é que dende o concello dixeron que, por exemplo, se nalgún momento queren facer outras actividades, a que tiña preferencia era a outra asociación. E volve reiterar que ela se remite á información que lle deu a directiva da asociación, e que as ameazas que reciben, entre comillas, é que lles van mandar á Policía Local para desaloxalos ou cambiarlles a pechadura.

Dona Erundina Prado Arcay manifesta que lle parece lamentable que a Sra. Ramos se faga eco destas afirmacións.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que o que lle parece lamentable é que se trata dunha asociación veciñal, con 200 socios na Barcala, e ela trae aquí a pleno todas as suxestións que recibe, como supón que farán o resto dos grupos. Ponse en contacto con ela unha asociación de Cambre e ela transmite as súas queixas.

Dona Erundina Prado Arcay di que houbo varias reunións con elas, e non é que se lles ofrezca un local, ofrécenlles tres. Ao principio acepta a secretaria e despois vólvense atrás. Pide que non haxa máis mentiras.

Toma a palabra o Sr. presidente para sinalar que o Concello de Cambre leva anos traballando e que todo o mundo tivo a intención de facer investimentos en locais para que puideran ser usados polas asociacións. El cre que no caso da Barcala non debe haber ningún tipo de diferenza, debe ser o mesmo. Aínda nesta mesma lexislatura, neste último ano, rematáronse obras precisamente para que os veciños, ben individualmente ou ben asociados, utilicen os locais. Se hai algún problema, que pode habelos, o mesmo que dende o concello se lle comunica á asociación por escrito, dicíndolle como ten que facer as cousas, o lóxico é que a asociación, se ten algunha discrepancia, se dirixa tamén por escrito ao concello, porque teñen un regulamento aprobado en pleno que precisamente regula o funcionamento do uso dos locais. Pode ser que haxa algún erro, pode ser que haxa algunha equivocación nas orientacións que se lle dan a determinada asociación para facer as cousas, e é moito mellor que o presenten por escrito, e non só en opinión dun alcalde ou concelleiro determinado, senón que os propios técnicos municipais poden dicir se o goberno nese caso está actuando conforme di o regulamento

de utilización de locais que está aquí aprobado en pleno e que resolva a situación en caso de que haxa algún conflito, pero o normal e que se dirixan por escrito, porque esa será a maneira de resolvelo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que ten razón en que hai un regulamento, ela está totalmente de acordo, pero ela o que quere deixar claro é que por un lado hai unhas cousas que notifica o concelleiro delegado, por suposto, pero que despois o anula o Sr. alcalde, e diso xa saben que están moi acostumbrados.

Conclúe dicindo que ela o que pide é que se lle dea unha solución, porque grazas a Educación están utilizando unha aula no instituto para facer unha actividade, o ximnasio privado da Barcala tamén lles deixa o local,..., é dicir, pide que poidan ter un local para ter agrupadas as súas actividades.

O Sr. presidente contesta que a todas as asociacións que existen no concello, en calquera parroquia, gustaríalles ter á súa disposición medios e infraestruturas para facer todas e cantas actividades se lles ocorran, e son moi necesarias. Non sempre é posible facelo, ás veces hai que compartir, ás veces hai actividades que lle gustaría facer e non se poden facer porque non hai as infraestruturas suficientes. El cre que é unha cuestión de adaptarse, e que o mellor, como hai un regulamento de uso dos locais municipais por parte das asociacións, o mellor é que o presenten por escrito e que se estude se o que se está facendo, tanto por parte do goberno como por parte deles, se axusta ao que di o Regulamento orgánico municipal. Di que é a lei que se deron a si mesmos, que teñen que aplicala e nada máis.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín pregunta se a Sra. concelleira de Cultura recoñece que si hai un escrito da asociación.

Dona Erundina Prado Arcay contesta que fixeron unha solicitude e contestóuselles, sen problema ningún.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín sinala que ela trouxo simplemente a notificación de actividades que está colocada na asociación.

O Sr. presidente manifesta que parece que está resolto o tema.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín responde que xa se verá.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia